

## **Composición, forma de designación e convocatorias das mesas de contratación**

A mesa de contratación pódese definir como aquel órgano colexiado, de composición fundamentalmente técnica, que ten como finalidade garantir o bo desenvolvemento do procedemento licitatorio co obxectivo de conseguir a oferta economicamente máis ventaxosa para a Administración Pública e se atopa regulado polo artigo 320 do RD Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a disposición adicional segunda apartado 10º do RD Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público para as mesas de contratación das entidades locais.

Segundo esta normativa as mesas de contratación estarán compostas por un presidente, un secretario e alo menos 4 vocais, todos eles designados polo órgano de contratación. Entre os vocais deberá figurar obrigatoriamente un funcionario dos que teñan encomendado o asesoramento xurídico do órgano de contratación, será presidida polo un membro da corporación ou un funcionario da mesmas.

Con respecto ás súas funcións serán distintas dependendo de se nos atopamos nun procedemento licitatorio aberto, restrinxido e negociado.

O Concello de Ourense designa en cada licitación unha mesa de contratación concreta que se integra no prego de cláusulas administrativas, o cal é aprobado polo órgano de contratación competente, a través da Xunta de Goberno Local.

A designación, composición e convocatoria das mesas de contratación pode verse en cada procedemento coa publicación ou anuncio público da mesa a través do perfil do contratante da web do Concello de Ourense, no momento no que no anuncio de licitación se expón o prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas.

As mesas de contratación estarán integradas polo concelleiro ou concelleira responsable do servizo de contratación, que actuará como presidente, como vocais o responsable político da área obxeto de contratación, o asesor xurídico ou asesora xurídica municipal e o interventor municipal, sendo suplente o o funcionario ou funcionaria xefe do negociado de contratación, sendo en cada licitación unha mesa concreta que se forma no prego e se acorda en Xunta de Goberno Local, como órgano competente.

A mesa de contratación poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, os informes técnicos que considere necesarios que teñan relación co obxeto do contrato.

A mesa calificará previamente os documentos presentados en tempo e forma contenidos no sobre número 1 de presentación das ofertas. Se se observases defectos materiais na documentación presentada o comunicará aos interesados oi interesadas e concederá un prazo de 3 días para que o licitador enmiendo o erro.



A apertura da oferta económica se realizará en acto público e se anunciará no PERFIL DO CONTRATANTE ([www.ourense.es](http://www.ourense.es)).

O órgano de contratación poderá declarar desierto o procedemento, motivando en todo caso a súa resolución con referencia aos criterios de adxudicación que figuran no prego. A proposta de adxudicación non crea dereito algún en favor do licitador proposto fronte á Administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa resolución.